

CIRCULAR N° 1
1 DE SETEMBRO DE 2020

Estimadas familias:

Nuns días comeza o curso escolar 2020/2021.

Dende o centro estamos traballando na elaboración do “Plan de Adaptación á situación COVID 19”, no “Plan de Continxencia” e no “Plan de acollida” que presentaremos nos próximos días. Todos eles redactados para potenciar un entorno educativo que responda ás medidas educativas e sanitarias, respectando as instruccións destas administracións e adaptándoas a nosa realidade.

En canto estes documentos estean rematados recibirán aviso Abalar para que os poidan consultar libremente na web do centro.

No colexio temos un equipo Covid encargado do seguimento, revisión e difusión destes documentos que está formado non só por tres mestras senón pola representación de todas as especialidades que conforman o centro escolar. (9 persoas)

Nos vindeiros días irémosvos ofrecendo información a través de AbalarMóvil e a páxina web do centro sobre as reunións que desexamos ter coas familias para informalas das novas medidas antes do inicio das clases.

Estamos traballando para finalizar os preparativos no centro e cumplir con toda a normativa sanitaria.

Este curso precisará do apoio, compromiso e responsabilidade de toda a comunidade educativa: familias, profesorado, persoal non docente, etc, para facer que a volta ao colexio e a actividade presencial sexa unha realidade que os nenos e nenas precisan para o seu desenvolvemento emocional e académico.

Por favor, pensen que a situación cambia por momentos e precisamos facer modificacións no que xa tiñamos para adaptalo ás novas normas publicadas o 28 de agosto de 2020, polo tanto existe unha certa flexibilidade no Plan para adaptarse as situación novas que se vaian xerando pola pandemia e as novas instruccións que dende a consellería nos fagan chegar.

Reciban un cordial saludo

O Equipo Directivo

